



EXCMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE

Anuncio

CONVOCATORIA DO PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DE DE AUTORIZACIÓNS DE USO DOS HORTOS URBANOS DO PARQUE DO RATO (5ª FASE), MEDIANTE CONCORRENCIA PÚBLICA.

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria de data 22 de setembro de 2023, aprobou a realización da convocatoria pública de participación para a solicitude de autorizacións de uso dos denominados Hortos do Paseo do Rato (5ª fase), mediante concorrencia pública, que se inicia coa publicación do presente anuncio no BOP, tal e como establece o Regulamento das Hortas urbanas ecolóxicas da Excm. Deputación Provincial de Lugo, e aprobando as bases que rexeran o procedemento de concesión de autorizacións, e que a continuación se transcriben:

BASES DO PROCEDEMENTO

1. Obxecto

Os Hortos Urbanos do Parque do Rato, están situados no concello de Lugo, nas parcelas catastrais:

27900A531000340000WE / 27900A531000330000WJ / 27900A531000350000WS

Serán obxecto deste procedemento os Hortos Urbanos do Parque do Rato que se atopen vacantes, sendo na actualidade un total de 15, ou que queden libres debido a renuncias ou a procedementos sancionadores.

Os Hortos son individuais, de 30 metros cadrados e cunhas dimensións de 6x5 metros, delimitados mediante rasillóns cerámicos.

2. Réxime Xurídico

Rexerán este procedemento de autorización as presentes Bases, o recollido no Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas da Excm. Deputación de Lugo (BOP nº 156 de 9 de xullo de 2020)e a Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.

En todo o non recollido na anterior normativa, serán de aplicación supletoria as normas contidas no Real Decreto 1372/1986 , de 13 de xuño, que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP) e a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e as súas disposicións de desenvolvemento.

3. Destinatarios

Para poder acceder á autorización para o uso dos Hortos Urbanos, as persoas ou entidades solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ser persoa física e maior de idade.
- b) Ser representante acreditado de asociacións que estean inscritas regulamentariamente no rexistro de Asociacións (no caso de solicitar o Horto para unha asociación).
- c) Ser veciño de Lugo ou dalgún outro Concello lindeiro, figurando como inscrito no padrón municipal correspondente.
- d) Estar exento de obrigas coas administracións públicas de calquera tipo.

Así mesmo segundo o apartado 18 do Regulamento, non poderán acudir ao procedemento de outorgamento de autorización de uso de Hortos, as persoas que se atopen nos seguintes casos:

- a) Aqueles que convivan con algunha persoa á cal se lle asignou un Horto, entendendo que conviven todas aquelas persoas empadroadas nun mesmo domicilio.
- b) Tras verse revocada a autorización de uso do Horto a consecuencia da resolución dun expediente sancionador.

c) Posuír terreos no concello de Lugo con potencialidade de ser cultivados, isto no caso de novas adxudicacións.

4. Prazo da autorización

A autorización outorgarase por un período inicial de dous (2) anos, prorrogándose automaticamente ata unha duración máxima de catro (4) anos, salvo renuncia ou denuncia das partes, en cuxo caso a autorización finalizará transcorrido un mes dende a recepción da correspondente comunicación. Esta autorización non será transmisíbel en ningún caso.

5. Gastos esixibles ao adxudicatario.

A autorización de uso outorgarase con carácter gratuíto e non se esixe a constitución de ningún tipo de garantía.

6. Presentación de solicitudes

6.1-Prazo

O prazo de presentación de solicitudes será de **10 días hábiles**, a contar dende o seguinte á publicación do presente anuncio no BOP.

6.2-Forma de presentación

Os interesados presentarán a seguinte documentación no Rexistro da Deputación de Lugo, na súa Sede electrónica (<https://sede.deputacionlugo.org/>) ou mediante calquera outro medio dos establecidos no artigo 16.4 da LPACAP:

- 1) Copia do DNI ou documento que legalmente o substitúa.
- 2) Solicitud (Anexo I) debidamente cuberta e asinada.
- 3) Declaración responsable (Anexo II) asinada.

Quen compareza ou asine proposicións en nome doutra persoa ou entidade deberá acreditar a representación mediante documento orixinal, copia auténtica, lexitimada ou fotocopia compulsada da escritura do poder do representado, estar debidamente inscrita no rexistro mercantil (se este requisito fose esixible), certificado da súa representación ou calquera outro documento válido en Dereito que acredite a representación.

4) Certificado de empadramento do solicitante (no caso de non autorizar a súa consulta no Anexo II).

5) Certificado de estar ó corrente e coas obrigas tributarias expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, de non ter débedas pendentes coa Comunidade Autónoma Galega e coa Deputación Provincial de Lugo e, de ser o caso, de estar ao corrente de pagamento coas obrigas da Seguridade Social (no caso de non autorizar a súa consulta no Anexo II).

6) No caso de que se soliciten por parte da Administración, a acreditación das circunstancias sociais e persoais que serán tidos en conta para a valoración cando o número de solicitudes sexa superior ao de Hortos dispoñibles, acreditaranse mediante a presentación de:

- a) Desemprego: Vida laboral actualizada e Certificado da Oficina do Servizo Público de Emprego que acredite a condición de desempregado/a e o período de inscrición.
- b) Renda per cápita (IPREM): Copia da Declaración da renda do ano 2022 de todos os membros da unidade familiar.
- c) Familia numerosa: Título de Familia Numerosa, expedido pola Administración competente ou copia do libro de familia e a documentación complementaria necesaria en caso de supostos especiais.
- d) Xubilado/a: Certificado do Instituto Nacional da Seguridade Social que acredite a condición de xubilado.
- e) Asociacións: Acreditación de ser representante da asociación e estatutos da asociación ou Acreditación de representante de Centro Educativo ou colectivo de nais e pais, xunto coa Inscrición no Rexistro de Asociacións, de ser o caso.

7. Mesa de seguimento

O órgano competente para a concesión das autorizacións estará asistido pola Mesa de seguimento (Mesa), un órgano de asistencia encargado de cualificar e comprobar a documentación achegada polos solicitantes, requirir a subsanación de deficiencias e competente para a valoración das solicitudes e a demais documentación achegada polos interesados, elevando posteriormente a correspondente proposta de outorgamento.

A Mesa estará composta por tres funcionarios da Área de Medio Ambiente, os cales serán nomeados mediante Decreto de Presidencia.

8. Procedemento

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Mesa reunirse para examinar a documentación presentada polos interesados, determinando se existe algunha causa de exclusión por incumprimento dos requisitos da convocatoria.

No caso de que o número de solicitudes supere ó de Hortos vacantes, requirirá aos solicitantes a presentación da documentación acreditativa das circunstancias que serán tidas en conta na valoración das solicitudes, de acordo co punto 6.2, apartado 6 destas bases, no Rexistro Xeral da Deputación de Lugo, no prazo de 10 días hábiles, dende a recepción da correspondente notificación.

O prazo máximo para resolver será de 6 meses dende a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro da Deputación de Lugo. Transcorrido este prazo sen terse notificado resolución expresa, entenderase desestimada por silencio administrativo.

8.1 Valoración de solicitudes

No caso de que o número de solicitudes admitidas sexa menor que o de Hortos libres, procederase ao sorteo dos Hortos dispoñibles entre os solicitantes admitidos no procedemento, en caso contrario, será precisa unha valoración previa, para á asignación dos Hortos, mediante un procedemento de concorrencia no cal se valorarán aspectos de carácter social, establecendo unha orde de asignación e creando unha listaxe de reserva.

Criteria de valoración Persoas físicas

- Ser desempregado/a e demostralo coa presentación dunha vida laboral actualizada e Certificado da Oficina do Servizo Público de Emprego correspondente, na que acredite a condición de desempregado e o período de inscrición. (Máximo 4 puntos):
 - Desempregado/a de longa duración + de 24 meses (incluído) (4 puntos).
 - Desempregado/a longa duración entre 12 (incluído) e 24 meses (3 puntos).
 - Desempregado/a duración inferior a 12 meses (2 puntos).
- Ter unha renda per cápita anual que non supere ao 200% do IPREM, acreditando esta situación cunha fotocopia da Declaración da Renda do ano 2022 de todos os membros da unidade familiar. (Máximo 2 puntos):
 - a) Renda per cápita anual inferior ao 100% do IPREM (2 puntos).
 - b) Renda per cápita anual entre o 200% e o 100% (incluídos) do IPREM (1 punto).
- Ser familia numerosa, condición que se acreditará mediante fotocopia do libro de familia, e a documentación complementaria necesaria en caso de supostos especiais. (Máximo 2 puntos):
 - Familias con máis de 3 descendentes (Categoría especial) (2 puntos).
 - Familias con 3 descendentes (Categoría xeral) (1 punto).
- Xubilado/a, acreditando dita condición mediante a presentación do correspondente certificado.
 - (1 punto)

Criteria de valoración Asociacións - Colectivos

- Ser representante dunha asociación sen ánimo de lucro que actúe no campo de persoas con discapacidade, en risco de exclusión social, con colectivos vinculados ao medio ambiente... e que solicite ese Horto para o colectivo da Asociación. O outorgamento de Hortos, para as asociacións vinculadas a persoas con dificultades de mobilidade, estará limitado ao número de Hortos adaptados existentes. (5 puntos).
- Ser representante de Centros educativos (Director ou representante legal) ou representante de Asociacións de Nais e Pais (Presidente ou representante legal) de centros educativos. (4 puntos).

No caso de solicitudes como representante de Asociación ou colectivo:

Os solicitantes deberán acreditar a súa función dentro dos devanditos colectivos e aportar acreditación como representante da asociación, entidade ou centro escolar; así como as escrituras da asociación e a Inscrición no Rexistro de Asociacións correspondente.

Ó ser limitados os espazos existentes, no caso de empate na puntuación realizarase un desempate nun sorteo público que se anunciará cunha antelación mínima de 3 días hábiles, mediante a publicación da data, hora e lugar do mesmo no taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo e na web da Deputación de Lugo.

8.2 Listaxe provisional e definitiva

A Mesa é a encargada de examinar o cumprimento dos requisitos e circunstancias de cada unha das solicitudes admitidas no procedemento e de proceder a súa valoración. Dita valoración publicarase no taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo, e de ser o caso, incluírá a relación valorada da listaxe de reservas das solicitudes que non acadaron Horto.

No caso de empates na puntuación, o desempate realizarase mediante un sorteo ao chou.

As listaxes publicaranse no taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo e na web da Deputación de Lugo, estando exposta para a súa consulta durante 10 días naturais, prazo durante o cal os interesados poderán presentar as alegacións que consideren.

No caso de non recibir alegacións, ás listaxes publicadas pasarán a ser definitivas. En caso de que existan alegacións, a Mesa resolverá sobre o seu contido, facendo pública unha nova listaxe, nos mesmos medios, que será definitiva.

A listaxe de reservas deberá estar numerada por orde de puntuación e terá unha validez de 2 anos dende a súa publicación definitiva.

8.3 Sorteio de Hortos

A asignación individualizada de cada Horto realizarase ao chou, entre os solicitantes admitidos, mediante un sorteo público, correspondendo un Horto por cada solicitante e por unidade familiar.

O sorteo terá lugar o luns 15 de xaneiro de 2024, as 10:00 horas.

O sorteo realizarase nas dependencias da Deputación Provincial de Lugo, sitas na rúa San Marcos, 8 (Lugo).

8.4 Proposta de outorgamento

Unha vez publicada a listaxe definitiva de admitidos e de reserva, e unha vez efectuado o sorteo público, a Mesa fará unha proposta de outorgamento ao órgano competente para outorgar as autorizacións, no que se indique individualmente o Horto asignado a cada interesado. Dita proposta non creará dereito ningún a favor do solicitante proposto.

O órgano competente poderá, sempre antes de proceder á autorización, renunciar ao seu outorgamento por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente, ou desistir do procedemento en caso de producirse unha infracción non emendable das normas de preparación ou das reguladoras do presente procedemento.

Cando o órgano competente non resolva segundo a proposta formulada pola Mesa deberá motivar a súa decisión.

O outorgamento das autorizacións de uso notificarase aos candidatos procedendo a asinar o documento administrativo de autorización de uso do dominio público que os autorizará ao uso da parcela asignada nos Hortos Urbanos do Parque do Rato, durante o período de 2 anos, prorrogables ata un máximo de 4 anos.

9. Xurisdición competente e interposición de recursos

As diferenzas que poidan xurdir entre a Deputación de Lugo e o adquirente en canto á interpretación, modificación, resolución e efectos destas cláusulas serán resoltas polo respectivo órgano provincial poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Todos os litixios, preitos ou cuestións xudiciais que deriven desta autorización de uso someteranse aos Tribunais competentes con xurisdición en Lugo.

Contra as resolucións que poñan fin a vía administrativa, poderá interpoñerse, polos interesados, recurso de reposición ante o Presidente da Excm. Deputación Provincial de Lugo, no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, ou a interposición de calquera outro recurso que se considere procedente.

10. Outras consideracións

Os solicitantes, coa presentación da solicitude de participación neste procedemento, comprométese ao cumprimento do *Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas da Excm. Deputación Provincial de Lugo*, ao mantemento da orde, estado e convivencia nos Hortos e ao mantemento en boas condicións dos materiais e instalacións necesarias para o funcionamento e cultivo dos mesmos.

En Lugo, na hora e data da sinatura dixital. O PRESIDENTE, P. D. Decreto de data 04-07-2023, O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 3038

CONCELLOS

ABADÍN

Anuncio

Exposición pública e anuncio de cobranza - Padrón Fiscal Servizo de Axuda no Fogar - Agosto

A Xunta de Goberno Local do Concello de Abadín en sesión ordinaria celebrada o 18.09.2023 aprobou inicialmente o Padrón Fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de agosto de 2023, tanto na modalidade básica como de dependencia.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao seu pagamento, que dispoñen dun prazo de QUINCE (15) días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o Alcalde - Presidente, no prazo de UN (1) mes, contado desde a data de finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia. Contra a resolución do recurso de reposición, non caberá de novo dito recurso.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Anuncio de cobranza

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, DOUS (2) meses a contar dende o día ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias designadas. Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo fiscal do suxeito pasivo por correo postal para que poidan efectuar o seu pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso, das costas do procedemento.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da devandita Lei 58/2003.

Abadín, 22 de setembro de 2023.- O Alcalde-Presidente, José María López Rancaño.

R. 3014

ANTAS DE ULLA

Anuncio

NORMATIVA DA DELIMITACIÓN DE SOLO DE NÚCLEO RURAL DE ALEMPARTE

De conformidade co disposto polos artigos 82 e 88.4 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, e 70 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, se informa que a Delimitación do solo de Núcleo Rural de Alemparte aprobada definitivamente o 8 de agosto de 2023 (DOGA núm. 163 de 29-08-2023), foi inscrita no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia en data 6 de setembro de 2023, polo que se procede á publicación da súa normativa:

ORDENANZAS DE EDIFICACIÓN

As ordenanzas recollen as condicións de edificación de acordo cos parámetros relacionados no artigo 124.2 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

1. CONDICIONS DA EDIFICACIÓN

1.1 DEFINICIÓN E ÁMBITO.

O ámbito que comprenden estas ordenanzas é o Núcleo Rural de Alemparte.

1.2 SISTEMA DE ORDENACIÓN.

Fíxase un sistema mixto de ordenación para completar as estruturas do núcleo permitíndose a edificación exenta ou acaroadada, manténdose tanto o tipo de ocupación como o carácter do conxunto e evitando a introdución de tipos edificatorios alleos á súa morfoloxía.

A edificación exenta autorizarase sempre que se garanta o cumprimento dos recuados laterais mínimos establecidos.

A edificación acaroadada ou medianeira a un ou dous dos lindeiros laterais permitirase sempre que exista na parcela colindante unha edificación medianeira ou acaroadada a dito linde.

Este espazo destínase habitualmente a vivenda unifamiliar, e a edificacións compatibles coa residencial e propias da vida dun asentamento rural con características adscritas a unha tipoloxía tradicional.

1.3 PARÁMETROS E CONDICIÓNIS FÍSICAS DE EDIFICACIÓN.

Nos núcleos rurais delimitados permitiranse, logo de licenza municipal e sen necesidade de autorización autonómica previa, as seguintes actuacións:

- Obras de conservación e restauración das edificacións existentes, sempre e cando non supoñan variación das características esenciais do edificio, nin alteración do lugar, do volume e da tipoloxía tradicional.
- Obras de rehabilitación e ampliación en planta ou altura, incluso en volume independente, de edificacións existentes que non impliquen variación da súa tipoloxía.
- Novas edificacións de acordo coas regras establecidas na presente ordenanza.
- Obras de conservación, restauración, rehabilitación e reconstrución das edificacións tradicionais do núcleo, sempre que non supoña variación das características esenciais do edificio nin alteración do lugar, do seu volume nin da tipoloxía orixinaria, sen necesidade de cumprir todas as condicións establecidas pola presente Ordenanza, coa fin de priorizar a rehabilitación das edificacións existentes e revitalizar o espazo de acordo cos criterios de sostenibilidade, aforro enerxético, mellora da calidade e conservación dos elementos singulares das construcións.

Para as novas edificacións que se pretendan realizar estarase ao disposto pola Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. e identificaranse coas características propias do lugar e estarán encamiñadas a consolidar a trama existente.

Artigo 24. Réxime e condicións de edificación no solo de núcleo rural

1.Os terreos que os plans xerais inclúan nas áreas delimitadas como núcleos rurais de poboación serán destinados aos usos característicos, complementarios ou compatibles coa edificación residencial no medio rural e coas necesidades da poboación residente neles.

2.Cando se pretenda parcelar, construír novas edificacións, substituír ou rehabilitar integralmente as existentes, as persoas propietarias deberán ceder gratuitamente ao concello os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso.

3.No caso da construción de novas edificacións ou cambio de uso das existentes ou de rehabilitacións integrais, deberán ademais executar á súa costa a conexión cos servizos existentes no núcleo.

4. Poderá autorizarse a execución simultánea das obras de acometida, urbanización e edificación. O municipio deberá exixir garantías suficientes do cumprimento desta obriga.

5. Para edificar no ámbito dos núcleos rurais deberá dispoñerse de acceso rodado de uso público e executarse a conexión coas redes de servizo existentes no núcleo rural ou nas súas proximidades. De non existiren, deberán resolverse por medios individuais con cargo ao promotor ou á promotora da edificación e co compromiso de conexión cando se implanten os servizos.

6. Nas áreas nas que por planeamento xeral ou especial se prevexan actuacións de carácter integral nos núcleos rurais, os propietarios ou propietarias de solo están obrigados a:

a) Ceder obrigatoria e gratuitamente ao concello o solo destinado a espazos libres, zonas verdes e equipamentos, e á administración titular correspondente, o destinado a viais.

b) Custear e, de ser o caso, executar as obras de urbanización previstas no ámbito da actuación integral.

c) Ceder obrigatoria, gratuitamente e libre de cargas ao concello o solo correspondente ao 10 % do aproveitamento urbanístico da devandita área, agás nas actuacións integrais para as que o novo plan non prevexa un incremento da superficie edificable respecto das ordenanzas tipo do núcleo. A Administración non terá que contribuír ás cargas de urbanización correspondentes aos terreos nos que se localice este aproveitamento.

7. As novas edificacións que se pretendan situar nos núcleos rurais tradicionais identificaranse coas características propias do lugar e estarán encamiñadas a consolidar a trama rural existente. Todas elas cumpriran as seguintes condicións:

a) As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados serán acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do asentamento, sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica.

b) O volume máximo da edificación será similar ao das edificacións tradicionais existentes, agás cando resulte imprescindible superalo por exixencias do uso ou da actividade. En todo caso, deberán adoptarse as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.

1.4 USOS.

Segundo o disposto o planeamento urbanístico definirá os usos e as condicións de edificación admisibles nos ámbitos delimitados como núcleos rurais de poboación, con supeditación ás determinacións contidas na Lei 2/2016, do 10 de febreiro.

O uso característico das edificacións nos núcleos rurais será o RESIDENCIAL.

Consideraranse como complementarios os usos terciarios ou produtivos, actividades turísticas e artesanais, pequenos talleres, invernadoiros e equipamentos, así como aqueles que garden relación directa cos tradicionalmente ligados ao asentamento rural de que se trate ou que dean resposta ás necesidades da poboación residente neles.

- Comercial: 1ª, 2ª
 - Oficinas: todas.
 - Recreativo: 1ª, cun límite de 500 m2 en planta.
 - Hoteleiro:
 - Produtivo: 1ª
 - Servizos urbanos: 1ª
 - Espazos libres e zonas verdes
 - Sanitario-Asistencial;
 - Educativo;
 - Cultural;
 - Deportivo;
 - Administrativo-Institucional;
 - Servizos públicos: 1ª, 2ª.
 - Garaxe-Aparcadoiro;
 - Relixioso: todas.
 - Mortuorio;
 - Agrario;
 - Gandeiro;
 - Complementario do sector primario: 1ª, 2ª.
- Enténdese o uso comercial segundo a definición existente no art. 17 do DECRETO 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.

Artigo 17. *Uso comercial*

1. É aquel que comprende as actividades destinadas á subministración de mercadorías ao público mediante a venda ao retalho, ou á prestación de servizos a particulares.

2. Todos os locais de uso comercial deberán prestar atención ás seguintes condicións:

- a) En caso de que no edificio exista o uso vivenda, estas deberán dispoñer de accesos independentes.
- b) Os locais situados en nivel inferior á planta baixa, non poderán ser independentes do local inmediato superior.
- c) Os comercios que se establezan en planta baixa deberán ter o seu acceso directo pola vía pública ou por un espazo común con acceso directo á vía pública.

3. Nos establecementos comerciais distínguense as seguintes categorías:

- a) Categoría 1ª. Local comercial compatible co uso vivenda.

Son aquelas actividades comerciais compatibles co uso de vivenda en zonas urbanas ou de núcleo rural, admitíndose dentro da mesma edificación.

- b) Categoría 2ª. Outras actividades comerciais.

As estacións de subministración de carburante e o resto das actividades comerciais non incluídas no punto anterior.

4. Todas as categorías contarán coa dotación de aseos para uso público establecido pola normativa sectorial.

➤ Enténdese o uso oficinas segundo a definición existente no art. 18 do DECRETO 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.

1. Enténdese por uso oficinas aquel que comprende locais destinados á prestación de servizos profesionais, financeiros, de información e outros, sobre a base da utilización e transmisión de información, ás empresas ou aos particulares.

2. Os locais de uso oficina deberán prestar atención ás seguintes condicións:

a) Os locais disporán dun inodoro e un lavabo. Por cada 200 m² ou fracción, aumentarase un inodoro e un lavabo. Non poderán estar comunicados directamente co resto de locais, debendo disporse un vestíbulo de illamento.

b) A luz e ventilación dos locais e oficinas poderá ser natural ou artificial. Se só dispoñen de luz e ventilación natural os ocios de luz e ventilación, deberán ter unha superficie total non inferior a 1/8 da que teña a planta do local.

c) Exixiranse as instalacións necesarias para garantir á veciñanza e viandantes a supresión de molestias, cheiros, fumes, ruídos, vibracións, etc.

d) Reservarase unha praza de aparcamento por cada 100 m² de local.

➤ Enténdese o uso recreativo segundo a definición existente no art. 19 do DECRETO 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.

Artigo 19. *Uso recreativo*

1. É aquel uso que comprende as actividades vinculadas ao lecer e o esparexemento en xeral.

2. Establécense as seguintes categorías:

a) Categoría 1ª: ocio compatible co uso residencial.

b) Categoría 2ª: ocio incompatible co uso residencial.

3. Deberá reservarse unha praza de aparcadoiro por cada 100 m² de local.

➤ Enténdese o uso hoteleiro segundo a definición existente no art. 20 do DECRETO 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.

Artigo 20. *Uso hoteleiro*

1. Enténdese por uso hoteleiro aquel que comprende as actividades destinadas a satisfacer o aloxamento temporal.

2. O número de prazas de aparcadoiro virá determinado pola normativa sectorial. Sen prexuízo do anterior, será, como mínimo, dunha praza por cada 100 m² construídos para este uso.

➤ Enténdese o uso produtivo segundo a definición existente no art. 22 do DECRETO 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.

Artigo 22. *Uso produtivo*

1. Enténdese como uso produtivo aquel que comprende as actividades de produción de bens propiamente dita.

2. En caso de que a correspondente ordenanza tipo non especifique determinacións diferentes, reservarase unha praza de aparcadoiro cada cen metros cadrados útiles (100 m²).

As actividades industriais deberán xustificar, segundo as súas necesidades, a reserva de peirao suficiente de carga e descarga dentro do local, independentemente da súa superficie, cun mínimo dun espazo de tres por oito metros (3x8) a partir de cincocentos metros cadrados (500 m²) de superficie de local.

3. Dentro do uso produtivo, distínguense as seguintes categorías:

a) Categoría 1ª: industrial compatible residencial.

Son aquelas actividades industriais compatibles co uso de vivenda dentro da mesma edificación ou terreo, sendo este o uso característico en zonas urbanas ou de núcleo rural.

b) Categoría 2ª: o resto das actividades industriais.

➤ Enténdese o uso servizos urbanos segundo a definición existente no art. 26 do DECRETO 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.

Artigo 26. *Servizos urbanos*

1. Este uso comprende o conxunto de redes, instalacións e espazos asociados, destinados á prestación de servizos urbanísticos, como son os de captación, almacenamento, tratamento e distribución de auga, saneamento, depuración e reutilización de augas residuais, recollida, depósito e tratamento de residuos, subministración de gas, enerxía eléctrica, telecomunicacións e demais servizos esenciais ou de interese xeral.

2. Distínguense as seguintes categorías:

a) Categoría 1ª: servizos urbanos compatibles co uso residencial.

Instalacións necesarias para os servizos técnicos de telecomunicacións, a infraestrutura hidráulica e as redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, captación, almacenamento, tratamento, abastecemento de auga e saneamento, e demais servizos esenciais ou de interese xeral, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.

b) Categoría 2ª: servizos urbanos incompatibles co uso residencial.

O resto das instalacións necesarias para os servizos urbanos.

3. Agás nos supostos en que tecnicamente resulte imprescindible, as centrais de tratamento ou distribución destes servizos terán que se instalar fóra dos solos urbanos residenciais e dos núcleos rurais.

➤ Enténdese o uso espazos libres e zonas verdes segundo a definición existente no art. 27 do DECRETO 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.

1. Trátase daquel uso que comprende os espazos libres como prazas e áreas peonís e as zonas verdes como áreas de xogo, xardíns, paseos peonís e parques.

2. As súas categorías e a súa regulación será segundo o establecido no Regulamento da Lei do solo.

➤ Enténdese o uso servizos públicos segundo a definición existente no art. 28 do DECRETO 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia.

Artigo 28. Uso equipamentos

1. Aquel uso que comprende as diferentes actividades destinadas a satisfacer as necesidades da cidadanía.

2. Distínguense as seguintes categorías:

2.1. Sanitario-asistencial: aquel que comprende as instalacións e servizos sanitarios, de asistencia ou benestar social.

Disporase de 1 praza de aparcadoiro por cada 100 m2 construídos.

2.2. Equipamento educativo: aquel que comprende as actividades destinadas á formación intelectual: centros docentes e de ensino en todos os seus niveis e para todas as materias obxecto de ensino.

Disporase de 1 praza de aparcadoiro por cada 100 m2 construídos. Os centros escolares de máis de 1.000 m2 de superficie construída deberán contar cunha praza de estacionamento de autobús para transporte escolar, para subida e baixada, por cada 200 prazas escolares.

2.3. Equipamento cultural-social: comprende as actividades de índole cultural, como bibliotecas, museos, teatros, auditorios, aulas da natureza e outros servizos de análoga finalidade.

Ademais de cumprir coas ordenanzas da zona e xerais de uso, de volume e tipolóxicas, disporán de 1 praza de aparcadoiro por cada 100 m2 construídos. Os centros de reunión e espectáculos disporán como mínimo dunha praza por cada 50 espectadores.

2.4. Uso deportivo: comprende as actividades destinadas á práctica de deportes en recintos pechados, tanto ao aire libre coma no interior.

Disporase de 1 praza de aparcadoiro por cada 100 m2 construídos.

2.5. Uso administrativo-institucional: aquel uso que comprende os edificios institucionais e dependencias administrativas, xudiciais, diplomáticas e de análoga finalidade.

Rexeranse, en razón da analoxía de uso, polas condicións do uso de oficinas, coa condición complementaria de que naqueles usos nos que haxa espazo destinado ao público por riba de 100 m2 deberán preverse servizos sanitarios para ambos os sexos.

Disporase de 1 praza de aparcadoiro por cada 100 m2 construídos.

2.6. Uso servizos públicos: comprende instalacións relacionadas con servizos públicos como protección civil, seguridade cidadá, cemiterios, prazas de abastos e outros análogos.

Establécense as seguintes categorías:

2.6.1. Categoría 1ª: cemiterios.

Son aquelas instalacións con servizo de enterramento, que tamén poden ofrecer servizos relixiosos.

Permítese a presenza de elementos doutros usos relacionados como o relixioso, así como actividades complementarias da actividade funeraria, neste caso sempre que a normativa sectorial o permita, como é o caso dos crematorios. Deberán contar con 10 prazas de aparcadoiro por cada 2.000 m2 de superficie, cun mínimo de

25 prazas de aparcadoiro para os novos espazos destinados a este uso. Nos cemiterios existentes será suficiente que incorporen o maior número de prazas ao espazo dispoñible para facilitar o cumprimento do estándar.

2.6.2. Categoría 2ª: outros servizos públicos.

Os novos edificios incluídos nesta categoría, deberán contar coas dotacións de aparcadoiro dunha praza por cada 100 m² de superficie.

As pequenas edificacións dotacionais de menos de 100 m² non comportarán obrigatoriamente a creación de prazas de estacionamento, agás que o propio proxecto de construción ou de actuación sobre elas considere oportuno que dispoñan destas.

Os mercados de abastos e centros de comercio básico disporán por cada 10 postos de venda, e dentro do local, parcela ou área comercial, dunha zona de carga e descarga de mercadorías, cunha altura libre adecuada aos vehículos de transporte que correspondan cun mínimo de 3,00 metros de altura e unha dimensión mínima de 8x4 metros en planta, que se disporá de tal forma que permita as operacións de carga e descarga simultaneamente en cada unha delas, sen entorpecer o acceso de vehículos.

En todas as instalacións con permanencia de persoas deberán establecerse servizos de aseos, en proporción adecuada ao número e con diferenciación de sexos, segundo as disposicións laborais e as de acceso ao público establecidas para o uso comercio.

1.5 USOS PROHIBIDOS.

Segundo o disposto tódalas demais actuacións están prohibidas, incluso as descritas no art. 26 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro.

1. Nos núcleos rurais están prohibidas as seguintes actuacións:

- a) As edificacións e usos característicos das zonas urbanas e aquelas cuxa tipoloxía resulte impropia en relación coas determinacións do planeamento.
- b) Os parcelamentos que determinen a desfiguración da tipoloxía do núcleo.
- c) As naves industriais.
- d) Aqueles movementos de terras que supoñan unha agresión ao medio natural ou que varíen a morfoloxía da paisaxe do lugar.
- e) A apertura de pistas, rúas ou camiños que non estean previstos no planeamento, así como a ampliación dos existentes e o derrubamento de muros tradicionais dos rueiros ou corredoiras, agás disposición do planeamento que o autorice.
- f) As novas instalacións destinadas á produción gandeira, agás as pequenas construcións artesanais ou para o autoconsumo.
- g) A demolición das construcións existentes, agás nos seguintes supostos:
 - Construcións que non presenten un especial valor arquitectónico, histórico ou etnográfico - Todos os engadidos e edificacións auxiliares que desvirtúen a tipoloxía, a forma e o volume de calquera edificación primitiva ou que polos seus materiais supoñan un efecto distorsionador para a harmonía e estética do conxunto edificatorio ou non sexan propios do asentamento rural tradicional.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, nos núcleos tradicionais estarán prohibidos:

- a) As vivendas acaroadas, proxectadas en serie, de características similares e colocadas en continuidade en máis de tres unidades.
- b) Os novos tendidos aéreos sempre que sexa viable técnica e economicamente outra alternativa (o soterrado).
- c) A execución de actuacións integrais que determinen a desfiguración da tipoloxía do núcleo e a destrución dos valores que xustificaron a súa clasificación como tal.

1.6 TIPOLOXÍA EDIFICATORIA.

Vivenda unifamiliar en edificación illada (edificación retranqueada, que acolle vivenda única, sobre parcela única con acceso a vía pública) ou acaroada. Só se permitirá unha única vivenda por parcela.

As construcións destinadas a albergar os usos compatibles manterán as condicións ambientais do núcleo, a morfoloxía do asentamento e a tipoloxía das edificacións do lugar.

1.7 CONDICIÓN DAS EDIFICACIÓNS.

Parcelas edificables

	NUCLEO RURAL	
	CONDICIONS DE EDIFICABILIDADE	
	<u>SOLO DE NUCLEO RURAL TRADICIONAL</u>	<u>SOLO DE NUCLEO RURAL COMUN</u>
USOS PERMITIDOS	RESIDENCIAL DE VIVENDA UNIFAMILIAR E NON RESIDENCIAL (descritos no pto. 1.4 USOS)	RESIDENCIAL DE VIVENDA UNIFAMILIAR E NON RESIDENCIAL (descritos no pto. 1.4 USOS)
TIPOLOXIA	EXENTA OU ACAROADA	EXENTA OU ACAROADA
PARCELA MINIMA	600 M2 No caso de non cumprir cos parámetros establecidos, deberá realizarse unha normalización de fincas, para axustar os valores urbanísticos a esta ordenanza.	750 M2 No caso de existir medianeiras edificadas nalgunha das parcelas laterais contiguas, a nova construción deberá acaroarse obrigatoriamente a aquela. Así mesmo dous propietarios poderán, mediante acordo, realizar edificacións acaroadas. Con respecto ás construcións destinadas a albergar os usos compatibles manterán as condicións ambientais do núcleo, a morfoloxía do asentamento e a tipoloxía das edificacións do lugar.
EDIFICABILIDADE MAXIMA	0,65 M2/M2	0,30 M2/M2
OCUPACION MAXIMA	30% da parcela neta. A ocupación máxima en superficie será de 500 m2 e non poderá exceder os 150 m2 en planta para vivenda, de tal forma que se estea obrigado a repartir o volume total edificado en varias partes. No caso de parcelas cunha superficie menor ca mínima sinalada, a ocupación poderá superar a porcentaxe de ocupación indicada, sen poder superar a ocupación máxima.	30% da parcela neta. A ocupación máxima en superficie será de 500 m2 e non poderá exceder os 150 m2 en planta para vivenda, de tal forma que se estea obrigado a repartir o volume total edificado en varias partes.
RECUADO POSTERIOR LINDEIRO	≥ 3,00M Quedan exceptuadas desta regra as novas construcións en aliñacións estables ou consolidadas.	3,00M
RECUADO MINIMO VIA PUBLICA	≥ 6,00 M do eixo da vía	≥ 6,00 M do eixo da vía
RECUADO LATERAL	≥ 3,00M Quedan exceptuadas desta regra as novas construcións en aliñacións estables ou consolidadas. Será obrigatorio acaroarse a unha vivenda existente para a ocultación	≥ 3,00M Quedan exceptuadas desta regra as novas construcións en aliñacións estables ou consolidadas. As edificacións recuaranse obrigatoriamente dos lindeiros

	<p>de medianeiras vistas.</p> <p>As edificacións recuaranse obrigatoriamente dos lindeiros perimetrais, agás no caso en que exista unha medianeira nun lindeiro lateral, á que será obrigado acaroarse. Ou ben existan aliñacións estables ou consolidadas.</p> <p>No caso dunha nova edificación que forme parella con outra xa edificada baixo a obriga de ocultar parede medianeira, a nova edificación deberá adoptar o mesmo recuamento á aliñación que a existente, de xeito que as dúas fachadas se integren nun volume común.</p>	<p>perimetrais, agás no caso en que exista unha medianeira nun lindeiro lateral, á que será obrigado acaroarse.</p> <p>No caso dunha nova edificación que forme parella con outra xa edificada baixo a obriga de ocultar parede medianeira, a nova edificación deberá adoptar o mesmo recuamento á aliñación que a existente, de xeito que as dúas fachadas se integren nun volume común.</p>
FONDO EDIFICABLE	Non se regula.	Non se regula.
ALTURA MAXIMA	<p>B+1 (7,00M)</p> <p>Medidos desde a rasante do terreo no punto medio da fachada ata a cara inferior do último forxado. Tal medida non poderá ser sobrepasada en máis dun metro en ningún punto de dita fachada.</p>	<p>B+1 (7,00M)</p> <p>Medidos desde a rasante do terreo no punto medio da fachada ata a cara inferior do último forxado. Tal medida non poderá ser sobrepasada en máis dun metro en ningún punto de dita fachada.</p>
PENDENTE MAXIMA CUBERTA	<p>30°</p> <p>O plano de cuberta será continuo, sen crebas nin resaltes innecesarios, a excepción dos elementos de instalacións como antenas, pararraios, chemineas ou caixa de elevador.</p>	<p>30°</p> <p>O plano de cuberta será continuo, sen crebas nin resaltes innecesarios, a excepción dos elementos de instalacións como antenas, pararraios, chemineas ou caixa de elevador.</p>
SOTOS E SEMISOTOS	<p>Admítense sotos e semisotos coas condicións sinaladas no Anexo I do RLSG.</p> <p>A realización de plantas soterradas en parte será recomendable para conseguir a integración da edificación en terreos en pendente e, por conseguinte, evitar os desmontes innecesarios.</p>	Admítense sotos e semisotos coas condicións sinaladas no Anexo I do RLSG.
ALTURA MAXIMA CUMIO	3,60M	3,60M
APROVEITAMENTO BAIXO CUBERTA	AUTORIZASE.	AUTORIZASE
FRENTE MINIMO PARCELA	20,00 M	22,50 M
CORPOS VOADOS OU VOOS	<p>Permítense, sempre que sexan un elemento usual do asentamento ou harmonicen co medio no que se insiren.</p> <p>Os corpos voados pecharanse nos paramentos verticais por materiais lixeiros, coma vidro ou madeira para que desempeñe a función de regulación térmica encomendada.</p>	<p>Permítense, sempre que sexan un elemento usual do asentamento ou harmonicen co medio no que se insiren.</p> <p>Os corpos voados pecharanse nos paramentos verticais por materiais lixeiros, coma vidro ou madeira para que desempeñe a función de regulación térmica encomendada.</p>

No caso de edificacións existentes de carácter tradicional será de aplicación o contemplado no Artigo 40 da Lei 2/16.

Artigo 40. Edificacións existentes de carácter tradicional

As edificacións tradicionais existentes en calquera categoría de solo de núcleo ou de solo rústico poderán ser destinadas a usos residenciais, terciarios ou produtivos, a actividades turísticas ou artesanais e a pequenos talleres e equipamentos.

Logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística, e sen necesidade de cumprir os parámetros urbanísticos aplicables agás o límite de altura, permitirase a súa rehabilitación e reconstrución e, por razóns xustificadas, a súa ampliación mesmo en volume independente, sen superar o 50 % do volume orixinario da edificación tradicional.

En calquera caso, deberanse manter as características esenciais do edificio, do lugar e da súa tipoloxía orixinaria.

Para os efectos do previsto neste artigo, consideraranse edificacións tradicionais aquelas existentes con anterioridade á entrada en vigor da Lei 19/1975, do 2 de maio, de reforma da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana.

1.8 ALIÑACIÓNS E RASANTES.

Fíxanse en planos de delimitación. Nas vías existentes con edificacións e muros consolidados autorízase a continuidade das aliñacións existentes en aras a garantir a estrutura orixinal do núcleo rural.

Con fronte ás vías de titularidade Municipal as liñas de cerramento situaranse na aliñación.

Os cerramentos manterán as características dos existentes. Os de nova execución realizaranse preferentemente vexetais, de ser de fábrica e opacos co revestimento apropiado terán como máximo nunha altura de 1,00 m, salvo parcelas edificadas, onde poderán alcanzar 1,50m; podándose rematar con elementos diáfanos e vexetais ata unha altura de 2,00 m.

1.9 EDIFICACIÓNS AUXILIARES.

Adicionalmente ao uso de vivenda toleraranse as seguintes edificacións auxiliares.

- a) Hórreos e adegas ata un máximo de 15 m² e cunha altura máxima de 3,5 m.
- b) Alpendres abertos polo menos nun 50% do seu perímetro.
- c) Alpendres, almacéns, silos e demais edificacións destinadas a usos agrarios e comerciais.
- d) Garaxes.

Serán exclusivamente de planta baixa, cunha altura máxima absoluta ata o cumio non superior a 4,00 metros e unha altura máxima de cornixa non superior a 2,50 metros, ámbolos dous parámetros considerados particularmente respecto a calquera punto das rasantes perimetrais da propia edificación adxectiva, cunha ocupación máxima de ata un 10% da parcela neta e un límite de 50 m².

As edificacións auxiliares deberán situarse illadas na parcela, cunha separación aos cerramentos de 3,00 metros. Sempre e cando a parcela lindeira non estea situada en solo rústico, poderase dispor en contacto co peche, sen que poda situarse a menor distancia da aliñación ca edificación principal e formando un elemento unitario en canto a materiais, acabados, cores e texturas. En todo caso, atenderá as debidas cautelas de integración ambiental.

Estas edificacións auxiliares non computarán no grao de ocupación e índice de edificabilidade establecidas no apartado 1.7 desta DNR.

1.10 PECHES DE PARCELAS

Como norma xeral, permítese a construción de elementos de peche de fincas. Estes estarán realizados conforme á natureza e destino da finca.

Permítese unha altura máxima de peche de obra con característica opaca de 1,5 metros, con materiais propios da zona e acordes co ambiente no que se insiren. En caso de construción de peches de obra, estes realizaranse con materiais, técnicas e acabados tradicionais ou, caso de facelos mediante materiais e técnicas actuais, haberá que xustificar a súa correcta integración paisaxística, mesmo o acabado digno. Os peches de fábrica de carácter tradicional (muros de cachotería, valados) que non cumpran as condicións anteriormente descritas, serán obxecto de conservación a non ser que queden afectados por algunha determinación contraria no presente Documento.

Por riba desta altura o peche será vexetal ou tipo malla metálica ou de canizo ata unha altura máxima de 2,50m. A vexetación implicará a elección de especies vexetais de uso tradicional ou naturalizadas dende antigo (loureiro, sabugueiro, buxo, especies da ripisilva, e outros) garantentes da necesaria integración paisaxística.

1.11 CONDICIÓN PARA A IMPLANTACIÓN DE INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS

O núcleo rural de Alemparte conta con rede de abastecemento municipal de auga potable segundo concesión outorgada con data 21/12/2022 ao Concello de Antas de Ulla por Augas de Galicia para a rede de abastecemento municipal das parroquias de: Dorra, Casa de Naia, Santiso, Senande, Vilanuñe, Terrachá, Peibás e Cibreiro (clave: DH.A27.71029); na que di, entre outros:

- Esta concesión queda suxeita ao disposto pola lexislación vixente en materias de sanidade, pesca, industria e calidade ambiental.
 - O outorgamento desta concesión non implica o dereito de paso nin de realización de obras en propiedade de terceiros sen contar coa autorización do seu propietario ou a correspondente servidume de acueduto.
 - Esta resolución é independente de todas aquelas autorizacións que, en virtude de disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións.
 - Para garantir que non se superan os caudais ou volumes concedidos, é obrigatoria a instalación dun contador homologado que rexistre o total do caudal efectivamente derivado para uso da concesión. A devandita instalación deberá ser efectuada no prazo de dous (2) meses dende a recepción da correspondente resolución de concesión, e deberá comunicalo a este Servizo, ós efectos de proceder á visita de recoñecemento final.
- O concesionario queda obrigado a instalar, no caso de que a Administración llo demande, un dispositivo que garanta que non se capta máis cantidade de auga da que se concede e que o resto das augas dos mananciais vaia polo seu curso natural cara ós regatos próximos.
- Esta concesión queda suxeita ao cumprimento das directrices do Plano Hidrolóxico de Galicia- Costa en todo o que lle poida afectar.
 - O concesionario será responsable de cantos danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das actuacións que implica a concesión que se autoriza, quedando obrigado á súa indemnización e a realizar os traballos que a administración ordene para conservación en bo estado do contorno.
 - Tomaranse as medidas correctoras para non afectar ó medio ambiente durante a explotación da concesión.
 - Prohíbese terminantemente o vertido de augas residuais a álveo públicos.
 - O titular será responsable en todo momento das condicións de potabilidade das augas, debendo realizar as análises, controis e tratamentos necesarios, de acordo coa normativa técnico-sanitaria vixente.

En cumprimento do artigo 14 do Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, os materiais de construción en contacto coa auga de consumo humano, por eles mesmos ou polas prácticas de instalación que utilicen, non transmitirán á auga substancias ou propiedades que contaminen ou empeoren a súa calidade e supoñan un incumprimento dos requisitos especificados no anexo I do RD 140/2003 ou un risco para a saúde da poboación abastecida.

En calquera caso deberá atenderse ó indicado no informe emitido con data 29/08/2022 pola Consellería de Sanidade emite informe, en aplicación do artigo 123 do RDPH:

- Antes da posta en funcionamento, deberá ter prevista a realización dun lavado e desinfección das tubarías instaladas.
- Como mínimo 30 días antes á posta en funcionamento deberán:
 1. Solicitar o informe sanitario á posta en funcionamento a esta Xefatura Territorial, para que unha vez en funcionamento, en cumprimento do artigo 13 do Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo, e se poida realizar unha inspección sanitaria de comprobación da adecuación do proxecto presentado.
 2. Presentar xunto coa solicitude a seguinte documentación complementaria:
 - 2.1 Análíticas para poder emitir o informe sanitario á posta en funcionamento.
 - 2.2 Datos de materiais de construción.
 - 2.3 Certificados das limpezas e desinfeccións realizadas antes da posta en funcionamento especificando os produtos e substancias empregados e as persoas/empresas que a realizan.

Tamén se deberá ter en conta o reflectido no informe emitido pola Consellería de Sanidade con data 22/11/2022, en aplicación do artigo 125 do RDPH, e en particular:

- Para garantir a aptitude da auga de consumo humano deberase desinfectar a auga e manter un tempo de acción do desinfectante de 30 minutos. Ademais, ten que tomar medidas correctoras polo valor do pH.
- En ningún caso queda amparado o abuso do dereito á utilización das augas, nin o seu aproveitamento nin o mal gasto. O concesionario ten a obriga de declarar a existencia de calquera outro aproveitamento que dispoña para o seu mesmo uso. A ocultación poderá ser considerada infracción na Lei de Augas e ser

sancionado segundo o establecido na propia Lei e no RDPH, salvo que se acredite a necesidade de incrementar o aproveitamento debendo nese caso instar ante Augas de Galicia a autorización correspondente.

- A dirección de Augas de Galicia poderá revogar esta resolución, sen que haxa dereito a ningunha indemnización, polo incumprimento dalgunha das súas condicións, polo abuso do dereito na utilización das augas, o desperdicio ou mal uso delas.
- Esta concesión outórgase por un prazo de cincuenta (50) anos, contados a partir do día seguinte á notificación desta resolución.

No núcleo rural as novas redes de servizo, tales como as de abastecemento de auga, saneamento, electricidade, alumeadado, telecomunicacións ou gas, deseñaranse e executaranse de tal xeito que se minimicen as afectacións aos elementos naturais ou construídos que caracterizan a paisaxe dos núcleos rurais e a súa contorna funcional inmediata. Para tal fin:

- a) Evitarase, sempre que sexa posible, a destrución de muros, sebes ou pavimentos tradicionais.
- b) Nas novas liñas de electricidade e telecomunicacións súxírese o soterramento, e os tramos tendidos sobre muros ou fachadas de edificacións realizaranse, na medida do posible, sen alterar os seus elementos compositivos principais (zócolos, impostas, recercados, balcóns, ou similares.), e de tal xeito que se minimize o seu impacto visual.
- c) Os elementos tales como caixas de distribución, conexión, derivación ou manobra deberán situarse en lugares discretos, e o seu deseño, material e cor escollerase de tal xeito que se minimize o seu impacto visual o máximo posible.
- d) O deseño das luminarias para o alumeadado público adaptarase ás características de cada lugar, evitando modelos propios de vías urbanas e de estradas.

1.12 CONDICIÓN DE INTEGRACIÓN NO NÚCLEO.

Respectaranse as construcións existentes de carácter tradicional de valor arquitectónico, histórico ou etnográfico, como parte integrante fundamental da fisionomía do territorio histórico. Preservarase o patrimonio construído tanto polo seu valor arquitectónico e etnolóxico como polo seu valor na fisionomía do territorio histórico, en especial as edificacións ou elementos adxectivos tradicionais tales como fornos, hórreos, muíños, eiras, alpendres, palleiras, lavadoiros, petos, pontes, ou pontellas.

As actuacións en solo de núcleo rural tradicional tomarán como referencia as aportacións *da Guía de Boas Prácticas para a Intervención nos Núcleos Rurais*2.

As novas edificacións, as ampliacións, as rehabilitacións, as reconstrucións e as obras de conservación das edificacións existentes, deberán responder a solucións construtivas, estéticas e de relación co seu entorno, de calidade. A estes efectos estarase ao disposto no artigo 43 da LSG e no artigo 78 do RLSG.

Polo tanto manterán as condicións ambientais do núcleo, morfoloxía do asentamento e a tipoloxía das edificacións do lugar segundo as seguintes regras:

- a) Manteranse os elementos de cantería, cachotería e carpintería característicos existentes.
- b) O tamaño das edificacións conservará o ritmo e proporción das tradicionais, a partir de plantas rectangulares ou cadradas, coa excepción de construcións especiais e edificios públicos ou singulares. A fachada principal deberá orientarse á fronte da parcela e aliñarse no posible coas direccións dos camiños ou estradas á que dea fronte.
- c) Excepto en casos singulares que se xustifiquen manterase a cuberta inclinada a dúas ou catro augas. Non se permiten quebros na cuberta. Non se permitirán buhardillas nin terrazas interiores.
- d) Para o entramado resistente de galerías, miradoiros, etc.; recoméndase a madeira, pero tamén se autorizan outros materiais tales como o ferro, o aluminio, etc.; sempre que sexan pintados, lacados ou coloreados con calquera produto ou sistema. Os materiais dos antepeitos para os balcóns, solainas e corredores poderán ser de pedra, madeira, ladrillo revestido e pintado e materiais semellantes. As barandillas poderán ser de madeira, ferro ou ferro fundido. No caso de que se utilicen outros materiais, éstos serán pintados.
- e) As fachadas e muros de pedra manteranse vistos e os enfoscados manteranse pintados.

A construción de cerramentos con outros materiais de fábrica como o ladrillo ou o bloque de calidade permitirase sempre e cando se enluzan e se pinten.

Autorízase o uso de madeira nos cerramentos.

Tódalas fachadas da edificación, incluso medianeiras; terán tratamento de paramento visto e con materiais de igual calidade que a fachada principal.

Na fachada permítense todo tipo de soportais, porches, etc.; sobre pilares, pés dereitos ou muros de carga.

f) A disposición das novas edificacións producirase de tal xeito que se eviten os movementos de terras que alteren a topografía natural do terreo, máis aló da superficie ocupada polas construcións.

Non se permiten as entreplantas.

h) En xeral, establecerase que as canles e baixantes non presentarán molduras e serán de chapa metálica (cinc, cobre, aluminio,...) con acabado mate e sección circular.

i) Para o acabado das edificacións empregarase a pedra (non se permitirán os chapados) ou materiais tradicionais e propios da zona.

A construción de cerramentos con outros materiais de fábrica como o ladrillo ou o bloque de calidade permitirase sempre e cando se enluzan e se pinten.

Autorízase o uso de madeira nos cerramentos.

j) O material de cuberta será o tradicional na zona (tella) aínda que en casos excepcionais poderán empregarse solucións e materiais respectuosos e que harmonicen cos tradicionais (zinc, cobre, etc ...).

k) As carpinterías e ocos serán dos materiais, cores e configuracións existentes no contorno (ferro e aluminio), sempre que sexan pintados, aínda que se recomenda a madeira.

Permítese os recercados dos ocos sempre e cando non adopten solucións alleas á cultura e ás formas do país. Tódolos ocos das fachadas da edificación, incluso medianeiras; terán tratamento de igual calidade que a fachada principal.

O dimensionado dos ocos rexerese por criterios de racionalidade e normalización, para que o tratamento e disposición das fachadas contén cunha equilibrada composición.

Os ocos terán forma cadrada ou rectangular, con predominio da verticalidade sobre a horizontalidade.

As pezas de remate da ordenanza de solo de núcleo rural, cando se produza contacto co solo rústico, coidarán especialmente a súa integración no medio; con solución aquelas en canto a muros, medianeiras, cubertas, ou tratamento da vexetación na parcela.

Atenderá a evitar formas descontextualizadas na liña xeral das construcións do arredor. Porén, non se desbotará a adopción dunha arquitectura contemporánea coa linguaxe propia do seu momento histórico, mais atendendo ao respecto que se merece a súa implantación, en especial coas edificacións do seu contorno inmediato.

Os edificios deberán implantarse no terreo de xeito que se integren na morfoloxía ou topografía, sen realizar grandes transformacións ou alteracións negativas e, polo tanto, cos movementos de terra estritamente precisos para acomodar o edificio e ordenar, se fose o caso, a parcela.

Con carácter xeral, a escala, volume, forma, os materiais de acabado e as cores, deberán ser sensibles ao lugar en base a unha proposta arquitectónica meditada. Poderán admitirse intervencións novidosas, no caso de que presenten solucións de especial calidade arquitectónica e creativa, sempre que estean debidamente xustificadas en canto á integración e harmonización co núcleo e o medio no que se atope.

En edificación acaroada conformando rueiros ou continuos edificadas, coidarase especialmente o tratamento de paredes medianeiras que queden á vista por non estar edificado o soar lindeiro. Terán un acabado digno e de suficiente calidade construtiva.

Prohíbese expresamente deixar o ladrillo de construción de tabiques á vista, ou calquera outro material que non fora creado como remate final da envolvente dun edificio sen revestir ou pintar. Prohíbese o uso de chapa ondulada sen cubrir, ou deixar o material de illamento á vista.

Nos núcleos rurais as edificacións respectarán as características propias da arquitectura tradicional do lugar. Para tal fin as novas construcións deben integrarse adecuadamente na súa contorna, en canto á posición, tamaño e deseño das edificacións, materiais, cores ou calquera outro trazo salientable propio do núcleo.

En particular:

a) As novas edificacións evitarán modificar o perfil tradicional do núcleo, buscando unha implantación no terreo semellante á das edificacións tradicionais.

b) Cando fose necesario un volume superior ao habitual na contorna, procurarase descompoñer a edificación en dous, ou máis, corpos de edificación, axustados ao volume e ás características das construcións da zona.

c) Outras características, como a xeometría, materiais, cores e acabados das fachadas, cubertas, carpintería e outros elementos visibles serán respectuosos e procurarán unha adecuada integración formal coas solucións tradicionais das edificacións existentes.

1.13 CONDICIÓNS DAS EDIFICACIÓNS SITUADAS NA CONTORNA DE PROTECCIÓN DE PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO E CULTURAL.

No contorno delimitado de núcleo rural non existen edificacións ou elementos que se consideren obxecto de protección de Patrimonio Arquitectónico e Cultural.

Os muros e peches tradicionais no ámbito delimitado, ao seren unha parte constitutiva esencial dos valores culturais dos núcleos, da súa formalización e estrutura e dos seus aspectos máis recoñecibles, deben ser conservados. Os novos peches serán similares aos existentes.

1.14 PAUTAS DE ACTUACIÓN EN NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

A construción haberá de adaptarse á topografía e demais elementos de tipo físico como camiños, cómaros, muros ou valados, vexetación, etc., que deben tamén conservarse.

Os propietarios deberán conservar, manter, custodiar e evitar a perda, destrución ou deterioro do patrimonio construído.

Do mesmo xeito, deberanse compoñer a base de volumes elementais onde as dimensións, proporción e escala serán acordes ás construcións do propio núcleo.

A elección de materiais deberá ser xustificada, buscándose aqueles materiais de acabado nos que a textura e cor se integren cos predominantes no núcleo. Preferentemente, as actuacións tomarán coma referencia os criterios aportados pola *Guía de Cor e Materiais de Galicia*.

As fiestras en cuberta poderán ser practicables niveladas co plano do faldrón.

A construción de bufardas e mansardas queda prohibida. Non se permitirán edificacións en planta alta sobre piares deixando a planta baixa sen pechar.

Con carácter específico nos elementos construídos deberán respectarse os seguintes condicionantes:

- a) Salvagarda dos seus valores culturais e conservación, mellora e, de ser o caso, utilización adecuada e sustentable.
- b) Respecto polas súas características esenciais e polos aspectos construtivos, formais, volumétricos, espaciais e funcionais que os definen. Procurarase sempre a aplicación do criterio de mínima intervención nos bens artísticos.
- c) Conservación das contribucións de todas as épocas existentes. Excepcionalmente poderá ser autorizada a eliminación dalgunha contribución de épocas pasadas no caso de que supoña unha degradación comprobada e de que a dita eliminación sexa necesaria para permitir a súa adecuada conservación e a súa mellor interpretación histórica e cultural. As partes eliminadas quedarán debidamente documentadas.
- d) Preferencia pola utilización de técnicas e materiais tradicionais.
- e) Compatibilidade dos materiais, produtos e técnicas empregados na intervención cos propios do ben e os seus valores culturais e pátinas históricas.
- f) Discernimento da adición de materiais e técnicas empregados, evitando as adicións miméticas que falseen a súa autenticidade histórica.
- g) Reversibilidade das accións de forma que poida recuperarse o estado previo á intervención. Este criterio será prioritario ao deseñar actuacións de conservación e restauración.
- h) Compatibilidade do seu uso coa conservación dos seus valores intrínsecos.
- i) Non se utilizarán ou aplicarán técnicas e materiais agresivos coas pátinas de valor cultural e cos materiais orixinais ou incompatibles coa debida conservación.

Sen prexuízo de aplicación de criterios de viabilidade, para a implantación e desenvolvemento de intervencións e actividades, deberanse seguir as seguintes pautas de actuación:

- a) Procurarase evitar os movementos de terras que supoñan unha variación significativa da topografía orixinal do contorno.
- b) Procurarase a súa compatibilidade cos elementos configuradores da estrutura territorial tradicional, como son a rede de camiños, os muros de peche, as sebes, as tapias, os noiros e outros semellantes.
- c) Empregaranse materiais, solucións construtivas e características dimensionais e tipolóxicas en coherencia co ámbito en calquera tipo de intervencións.
- d) Manteranse preferentemente a estrutura e a organización espacial do contorno, coa conservación xeral das aliñacións e rasantes.
- e) Procurarase e valorarase a integración e compatibilidade dos usos e costumes tradicionais e característicos configuradores do ambiente cos de nova implantación.
- f) Facilitarase a implantación de actividades complementarias compatibles cos valores culturais dos núcleos que garantan a continuidade do seu mantemento co establecemento de novos usos.

1.15 PAUTAS DE ACTUACIÓN EN NÚCLEO RURAL COMÚN

A construción haberá de adaptarse á topografía e demais elementos de tipo físico como camiños, cómaros, muros ou valados, vexetación, etc., que deben tamén conservarse.

Do mesmo xeito, deberanse compoñer a base de volumes elementais onde as dimensións, proporción e escala serán acordes ás construcións do propio núcleo.

A elección de materiais deberá ser xustificada, buscándose aqueles materiais de acabado nos que a textura e cor se integren cos predominantes no núcleo.

As fiestras en cuberta poderán ser practicables niveladas co plano do faldrón.

A construción de bufardas e mansardas queda prohibida. Non se permitirán edificacións en planta alta sobre piares deixando a planta baixa sen pechar.

1.16 ORDENANZA DE PROTECCIÓN PARA ACTUACIÓNS EN NÚCLEO RURAL TRADICIONAL E COMÚN, E DO PATRIMONIO CULTURAL.

Esta ordenanza é aplicable na parte tradicional do núcleo e na parte do núcleo clasificada como solo de núcleo común.

a) Ao respecto das aliñacións:

Manterase a estrutura e a organización espacial do contorno coa conservación xeral das aliñacións e rasantes. Sendo os elementos configuradores da estrutura territorial tradicional os que seguen: a rede de camiños, os muros de peche, as sebes, as tapias, os noiros e outros semellantes.

b) Ao respecto das edificacións:

1. A escala, o volume, a forma, os materiais de acabado e as cores; serán sensibles co lugar, e a proposta arquitectónica será acorde ao seu fin.
2. As edificacións con características senlleiras serán obxecto de protección en función dos seus condicionantes construtivos e do seu estado de conservación. Deste xeito, aínda que a construción na súa totalidade non revista interese arquitectónico ou etnográfico, os elementos parciais tales como galerías, balcóns, fornos e solainas existentes, e de carácter tradicional que si o posúan, serán tidas en conta para os efectos da súa protección ou mantemento.
3. Toda actuación que se pretenda levar a cabo en edificacións afectadas polas súas cualidades arquitectónicas, compositivas e características do lugar, deberá desenvolverse mediante proxecto técnico, onde se analice desde o punto de vista tipolóxico, construtivo, histórico ou calquera outro necesario a edificación existente, realizando unha análise valorada sobre os procesos de transformación e deterioración xurdidos no tempo.
4. Empregaranse solucións construtivas, tipolóxicas, estéticas e de relación co seu entorno de calidade, para o que será de aplicación o art. 43 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; e do artigo 78 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro.

Artigo 43. Normas de calidade ambiental e paisaxística

1. O planeamento urbanístico garantirá as condicións de habitabilidade, salubridade e funcionalidade das vivendas e usos residenciais, respectando as condicións mínimas que se fixen regulamentariamente. En todo caso, prohibese o uso residencial en sotos e semisotos.

2. O planeamento urbanístico procurará unha razoable e equilibrada articulación de usos, actividades e tipoloxías edificatorias compatibles.

3. O planeamento que estableza a ordenación detallada terá en conta as previsións

necesarias para evitar barreiras arquitectónicas e urbanísticas, de maneira que as persoas con mobilidade reducida vexan facilitado ao máximo o acceso directo aos espazos públicos e ás edificacións públicas e privadas, de acordo coa normativa vixente sobre accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

4. O planeamento urbanístico deberá fixar a altura máxima das edificacións en proporción ás dimensións das vías e dos espazos libres, de modo que queden garantidas as mellores condicións posibles de asollamento e ventilación natural das vivendas.

5. O planeamento poderá prohibir os tendidos aéreos e prever o soterramento dos existentes.

En todo caso, deberán soterrarse as redes de servizos dos novos desenvolvementos residenciais e terciarios, e tamén no caso de que sexan desenvolvementos residenciais e terciarios existentes; sempre e en tódolos casos que sexa viable técnica e economicamente.

c) Ao respecto do acondicionamento das parcelas:

As construcións deberán implantarse no terreo de xeito que se integren na morfoloxía ou topografía, sen realizar grandes transformacións ou alteracións negativas e, polo tanto, cos movementos de terra estritamente precisos para acomodar o edificio e ordenar, se fose o caso, a parcela.

1.17 ORDENANZA DE LIMITACIÓNS DA PROPIEDAD.

Con data 27/09/2019 o Ministerio de Fomento emite un informe urbanístico no que recoñece que a Delimitación do Núcleo Rural de Alemparte non implica na estrada estatal novas conexión, nin modifica as existentes, nin altera o seu nivel de servizo, e tampouco modifica as liñas e zonas de protección de estradas, de conformidade coa Orde FOM/1644/2012, de 23 de xullo, sobre Delegación de Competencias no Ministerio de Fomento (BOE de 25 de agosto de 2012), a competencia para informar este instrumento urbanístico recae no Xefe da Demarcación de Estradas.

Será de aplicación:

1. Ás obras a realizar nas estradas estatais, tales como ensanches de plataforma ou melloras de trazado, obras de conservación, acondicionamentos, camiños agrícolas ou de servizo de reordenación de accesos, instalación de apoio á vialidade invernal, e outros elementos funcionais das mesma; seralles de aplicación o artigo 18.1 da Lei 37/2015, de Estradas, polo que non precisarán da obtención da licenza municipal de obras
2. Nin os desenvolvementos urbanísticos previstos nin as súas obras de construción deberán afectar á drenaxe actual da estrada estatal, e as súas redes de evacuación non deberán aportar verquidos aos drenaxes existentes da estrada. En caso de que, excepcionalmente e por razón debidamente xustificadas se autorizase a achega de caudais, estes deberanse ter en conta para aumentar a capacidade das mencionadas drenaxes, sendo o coste a cargo do promotor do instrumento de planeamento urbanístico.
3. Está prohibida a instalación de publicidade en calquera lugar visible dende a zona de dominio público da estrada, segundo se establece no art. 37 da Lei de Estradas.
4. Nas novas construción próximas á estrada nacional (existentes ou previstas), precisarase previo á obtención de licenza de obras, a realización de estudos de determinación dos niveis sonoros esperables e que ditos estudos conteñan os mapas de isófonas. En caso de se superar os umbrais regulados, estableceranse limitacións na edificabilidade ou disporanse os medios de protección acústica pertinentes, que serán executados polos promotores dos desenvolvementos urbanísticos, previa autorización do Ministerio de Fomento. Estes medios de protección poderán situarse na zona de dominio público. Todo isto de conformidade coa Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, lexislación de desenvolvemento e normativa autonómica.

Antas de Ulla, 26 de setembro de 2023.- A Alcaldesa, Pilar García Porto.

R. 3039

BURELA

Anuncio

Por Decreto da Alcaldía nº 2023-0893 de data 22/09/2023 apróbese a convocatoria e as bases reguladoras do proceso que se levará a cabo para a selección dun/dunha técnico/a de orientación laboral:

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN DUN/DUNHA TÉCNICO/A DE ORIENTACIÓN LABORAL MEDIANTE A MODALIDADE DE FUNCIONARIO INTERINO (ART. 10.1.c/ EBEP) .-

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento que se levará a cabo para a selección dun/dunha Técnico/a para a realización de actividades de orientación laboral ao abeiro do programa de carácter temporal de orientación laboral para a activación do emprego aprobado por Decreto de Alcaldía nº 2023-0835 de 13/09/2023, de acordo coa subvención que para o financiamento dos custos derivados desta contratación/nomeamento concede a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia ao abeiro da orde do 9 de xaneiro de 2023.

Características do posto:

-Grupo/Subgrupo profesional: A/A2

-Réxime Xurídico: Funcionarial (Funcionario interino do artigo 10.1.c/ "execución de programas de carácter temporal" do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público).

-Duración do nomeamento: Ata 21 de outubro de 2024.

-Xornada: A tempo completo (100%)

-Retribucións mensuais: salario Grupo/Subgrupo profesional A2 1.113,98 €; complemento de destino (nivel 18) 458,64 €; complemento específico: 73,55 €; parte proporcional de paga extra: 224,106 €.

Todo isto conforme o disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido la Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das

Bases de Réxime Local, na Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, e demais normas concordantes de aplicación.

As bases íntegras publicaranse no BOP de Lugo, na sede electrónica (<https://burela.sedelectronica.es>) e no taboleiro de anuncios do Concello e estarán a disposición dos /das interesados no Rexistro Xeral do Concello.

Toda a documentación que se publique con posterioridade a convocatoria será obxecto de publicidade mediante o correspondente anuncio no taboleiro de edictos sito na casa consistorial e no taboleiro de anuncios dixital, exclusivamente. O acceso ao taboleiro de anuncios dixital realízase a través da sede electrónica do Concello de Burela (<http://burela.sedelectronica.es>).

2.- FUNCIONES DO POSTO.

As sinaladas no artigo 3 da orde da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2023.

3.- REQUISITOS DE ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Para ser admitidas á realización destas probas selectivas, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española ou ter nacionalidade doutro Estado co alcance que se sinala no artigo 57 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Acreditar a capacidade funcional para o desempeño das funcións propias do posto. En consecuencia non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das funcións do cargo.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Estar en posesión da seguinte titulación académica: diplomatura universitaria ou grao en educación social, ciencias empresariais, traballo social, relacións laborais e recursos humanos, relacións laborais, graduado social ou equivalentes.

No caso de alegar equivalencias de títulos achegarase o certificado ao efecto da Consellería de Educación ou organismo competente.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera a das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade que determine a lexislación vixente.

Os requisitos citados deberán reunirse con referencia ó derradeiro día do prazo de presentación de instancias, debendo continuar en posesión dos mesmos durante todo o proceso selectivo.

Os/as aspirantes que viñeran desempeñando unha actividade pública ou privada, deberán solicitar o recoñecemento de compatibilidade no momento inmediato á formalización do contrato de traballo. De non ser compatible a actividade que viñeran desenvolvendo coa relación de servizo ao Concello de Burela, os/as aspirantes seleccionados/as comprométese a renunciar á mencionada actividade. No caso contrario, o mencionado contrato de traballo deixaría de ter validez.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do tribunal que algunha das persoas aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, logo da audiencia do/da interesado/a, o tribunal de selección deberá propor ao alcalde a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

4. - FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

4.1. Forma de presentación. As persoas interesadas que desexen participar no proceso selectivo dirixirán as súas solicitudes á Sra. Alcadesa do Concello de Burela e presentaranas no Rexistro Xeral da citada entidade en horario presencial de 9,00 a 14,00 horas ou mediante rexistro telemático as 24 horas. Así mesmo poderán remitirse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima). Non obstante, de cara a axilización do proceso, os/as aspirantes que presentasen a instancia en calquera das formas previstas

no artigo 16.4 da Lei 39/2015 deberán poñelo en coñecemento da entidade mediante correo electrónico (controldexestion@burela.org) antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes, remitindo o impreso de instancia debidamente cumprimentado e co selo de entrada no rexistro correspondente.

O impreso de instancia axustarase ao modelo oficial que se facilitará no Rexistro xeral do Concello, publicándose así mesmo na sede electrónica (<http://burela.sedelectronica.es>).

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos, deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo empregado do Servizo de Correos.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

4.2. Prazo de presentación. O prazo de presentación será de 5 días naturais contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP). Si o último día do prazo é inhábil, trasladarase ó primeiro día hábil seguinte.

4.3. Forma de cumprimentar. A solicitude de participación no proceso selectivo deberá ser cumprimentada debidamente polas persoas aspirantes e nela relacionarán, nos apartados correspondentes, os méritos que aleguen.

5.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑARSE NECESARIAMENTE Á SOLICITUDE.

- a) Fotocopia do DNI ou tarxeta acreditativa da súa identidade no caso de estranxeiros.
- b) Fotocopia da titulación académica esixida para presentarse ao proceso
- c) Documentación acreditativa dos méritos alegados, con certificado de vida laboral.
- d) Acreditación da posesión do nivel de idioma galego esixido nas bases. De carecer desta acreditación, a persoa aspirante someterase obrigatoriamente á proba de coñecemento do idioma galego prevista nas bases.
- e) Currículo completo facendo constar os méritos a baremar de acordo coa táboa recollida na base 8.1 das presentes (fase de concurso).

Deberase acompañar á solicitude as xustificacións documentais debidamente compulsadas dos méritos que desexen alegar en relación coa praza que se convoca.

No caso se presentarse a documentación a través da sede electrónica do Concello de Burela admitirase que se acredite mediante a achega de copia auténtica (cos requisitos e conforme ao establecido no artigo 27 da Lei 39/2015, do 2 de outubro), documento electrónico orixinal ou que conteña un código xerado electronicamente ou outro sistema de verificación que permita contrastar a autenticidade da copia mediante o acceso aos arquivos electrónicos do órgano ou organismo público emisor.

Non se valorarán os méritos que non estean acreditados documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal, non estean suficientemente acreditados.

Os méritos aos que se fai referencia deberán posuírse na data de remate do prazo de presentación de instancias, computándose en calquera caso ata a citada data.

A non acreditación dos méritos alegados conforme se sinala na base 8ª determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fora do prazo de presentación de instancias xa que non poderá emendarse. Tampouco se requirirá aos/ás interesados/as para que os acrediten.

6.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

6.1. Listaxe provisional. Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución aprobando a listaxe provisional de persoas admitidas e, se é o caso, excluídas (neste suposto con indicación das causas que dean lugar á exclusión), que se fará pública na sede electrónica (<https://burela.sedelectronica.es>) e no Taboleiro de Edictos do Concello, exclusivamente.

Ademais, en dita resolución fixaranse os titulares e os suplentes que conformarán o Tribunal Cualificador.

Figurar na relación de persoas admitidas non suporá que se lles recoñeza a posesión dos requisitos esixidos nos procedementos que se convocan. Cando da documentación que debe presentarse logo de ter superado o procedemento de selección se desprenda que non posúen algún dos requisitos, as persoas admitidas decaerán en tódolos dereitos que se puidesen derivar da súa participación no procedemento de selección.

6.2. Prazo de alegacións.

Concederase un prazo improrrogable de 1 día hábil para reclamacións á lista provisional e emenda de defectos, a contar dende o seguinte ao da súa publicación na sede electrónica do Concello.

As alegacións deberán presentarse por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015.

Dado o carácter urxente da convocatoria, a presentación de reclamacións por calquera outro medio distinto ao de presentación no Rexistro Xeral do Concello de Burela, deberá se comunicada por correo electrónico (controldexestion@burela.org) dentro do prazo de 1 día hábil sinalado anteriormente.

O prazo de emenda non é de aplicación respecto dos méritos alegados pero non aportados. Os erros de feito poderanse emendar en calquera momento, de oficio ou por pedimento da persoa interesada, de acordo co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015.

6.3. Listaxe definitiva. As reclamacións/alegacións sobre as exclusións provisionais serán aceptadas ou rexeitadas na resolución pola que se aprobe a listaxe definitiva, que se fará pública da mesma maneira que a provisional.

Para os efectos de axilizar o procedemento, de non presentarse reclamacións dentro do prazo establecido ou se as alegacións non foran suficientes para a súa consideración, a resolución de admitidos/as e excluídos/as poderase entender elevada a definitiva, sen necesidade de nova publicación. No caso de non existir excluídos a lista provisional ditarase con carácter de definitiva.

7. -TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

7.1.- Composición do Tribunal. O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do EBEP e estará integrado por 5 membros titulares e 5 suplentes (1 presidente e 4 vogais) podendo actuar indistintamente titulares e suplentes. O secretario será un dos vogais.

Os membros do Tribunal terán todos voz e voto.

O nomeamento dos membros titulares e suplentes que constitúan o Tribunal seleccionador, realizarase por Decreto da Alcaldía, debendo pertencer, en calquera caso, ao grupo/subgrupo de clasificación profesional de titulación de igual nivel ou superior ás esixidas para o acceso á praza/posto.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de polo menos tres dos seus membros, xa sexan titulares ou suplentes, e en todo caso requírese a asistencia do Presidente e do Secretario ou dos seus suplentes.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Na composición do Tribunal de selección tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderán formar parte dos Tribunais de selección as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos, persoal laboral temporal e o persoal eventual nin as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A resolución pola que se aprobe a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas coa designación dos membros do Tribunal que incluírá os seus respectivos suplentes, farase pública na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello a efectos de recusación.

7.2.- Incorporación de asesores e persoal de colaboración.

O Tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores naquelas probas nas que consideren conveniente oír a opinión de técnicos especialistas, así como de colaboradores en tarefas de apoio no desenvolvemento do sistema selectivo.

No suposto de incorporarse asesores, estes só terán voz.

7.3.- Abstención e recusación: Os membros do Tribunal de selección deberán absteranse de intervir, comunicándollo ao órgano convocante, cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O Presidente poderá requirir aos membros do mesmo declaración expresa de non atoparse incurso en causa de abstención.

Así mesmo, as persoas interesadas poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

A Alcaldesa ditará resolución cos novos integrantes do Tribunal que substituirán aos que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas de abstención ou recusación.

Esta resolución farase pública nos mesmos lugares que a anterior.

7.4.- Actuación do Tribunal: O Tribunal de selección constituirase na data que designe a Alcaldía, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus membros titulares ou suplentes, coa presenza, en todo caso, do Presidente e do Secretario. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

A partir da sesión de constitución, o Tribunal de selección, para actuar validamente, requirirá que estean presentes a maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e ás bases reguladoras da correspondente convocatoria.

O Tribunal de selección resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan a carón da aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan producir durante a realización do sistema selectivo, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde en todo o que non estea previsto nas bases.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, xa citada.

Os membros do Tribunal son persoalmente responsables do cumprimento das bases da convocatoria e da suxeición aos prazos establecidos para a realización e valoración das probas e para a publicación dos seus resultados.

8. - SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN.

O procedemento de selección constará das seguintes fases:

8.1.-FASE DE CONCURSO (Máximo 9,25 puntos)

O Tribunal examinará os currículos presentados de acordo co baremo recollido na Orde do 9 de xaneiro de 2023:

Requisitos imprescindibles para superar a fase de baremación do currículo:	
Requisitos de titulación:	
<ul style="list-style-type: none"> Título universitario de diplomado/a universitario/a ou grao. 	
Requisitos de puntuación:	
<ul style="list-style-type: none"> Acadar unha puntuación mínima total no currículo de 3,5 puntos. 	
Formación específica en materia de orientación laboral (máximo 3,5 puntos)	Puntuación
Máster ou cursos de orientación laboral (integración laboral, inserción laboral, orientación/integración profesional).	0,50 puntos por cada 25 horas formativas
Formación complementaria relacionada coas tarefas definidas no artigo 3 da orde de 9 de xaneiro de 2023 (máximo 1 punto)	Puntuación
<ul style="list-style-type: none"> Formación sobre a prospección do mercado laboral Creación de empresas e autoemprego, cooperativas, emprendemento Mellora de habilidades para o asesoramento e atención no ámbito laboral Igualdade de oportunidades no ámbito do emprego Selección de persoal; recursos humanos 	0,25 puntos por cada 25 horas formativas
Experiencia profesional directamente relacionada co posto (máximo 3,5 puntos)	Puntuación
<p>A experiencia profesional deberá acreditarse exclusivamente a través do contrato de traballo en que conste o desempeño dunha ocupación igual ou equivalente á requirida, das recollidas na CNO. No caso de traballadores autónomos, acreditarase coa alta en IAE (e actualización) e coas facturas en que consten os servizos prestados. Xuntarse informe de vida laboral en ambos os casos.</p> <p>Cando se trate de colaboracións, bolsas, titorías, docencia, educación social ou servizos sociais, acreditarase coa certificación de organismos oficiais en que deberá constar o tempo de realización e, de ser o caso, copia das condicións da convocatoria.</p>	
Por cada mes realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado: técnico/a de orientación: orientación laboral/profesional, titorías laborais con persoas adultas, inserción laboral, etc.	0,40 puntos por cada mes
Experiencia profesional indirectamente relacionada co posto (máximo 2 puntos)	Puntuación

Por cada mes realizando tarefas técnicas indirectamente relacionadas co posto ofertado (axentes de emprego, prospectores de emprego, axentes de desenvolvemento local, técnicos de emprego en entidades locais...)	0,20puntos por cada mes
Coñecementos ofimáticos debidamente acreditados (máximo 0,75 puntos)	Puntuación
Os coñecementos débense acreditar mediante a achega de títulos, diplomas e/ou Certificacións académicas.	
Polos cursos acreditados sobre sistemas operativos, programas ofimáticos, programas de deseño e navegadores web, xestión de redes sociais ou espazos web para a publicación de contidos (blogues, wikis...) Non puntuán os cursos inferiores a 15 horas.	0,10 puntos por cada 15 horas de curso
Outros méritos (0,25puntos)	Puntuación
Celga 4 ou equivalente debidamente homologado	0,25puntos
Discapacidade (máximo 1 punto)	Puntuación
Por ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, e a compatibilidade entre a discapacidade e o desenvolvemento das tarefas e funcións do posto mediante o correspondente certificado do órgano competente	1 punto

Os cursos acreditaranse mediante copia compulsada do correspondente diploma no que debe constar a duración do curso en horas e como mínimo o título do mesmo, ou ben mediante certificación expedida polo organismo que o impartiu no que se fagan constar os mesmos datos.

Os organismos que acrediten a formación das persoas candidatas, deberán ter carácter oficial ou ser entidades que contan co apoio de institucións oficiais.

Non se valorarán os cursos que non acrediten as datas de realización e as horas de duración nin os cursos que a xuízo do Tribunal non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións do posto.

Ningún mérito poderase utilizar para puntuar en máis dun apartado.

8.2 FASE DE OPOSICIÓN:

A fase de oposición constará das seguintes probas:

8.1.1.- Proba de coñecementos xerais e específicos: Obrigatoria e eliminatoria.

Consistirá en responder por escrito, nun tempo máximo de 75 minutos, un cuestionario tipo test de 50 preguntas, con 3 respostas alternativas, sendo só una delas correcta. Tamén haberá que responder 5 preguntas adicionais de reserva, que se valorarán no caso de que se anulen algunha/s das 50 preguntas do cuestionario tipo test. O cuestionario será determinado polo Tribunal antes de celebrarse a proba e deberá estar relacionado coas materias do temario da convocatoria (Anexo).

O exercicio será cualificado de 0 a 7,5 puntos, sendo necesario alcanzar un mínimo de 3,75 puntos para superalo. As persoas aspirantes que non alcancen dita puntuación serán cualificadas como non aptas e quedarán eliminadas.

A puntuación calcularase de acordo cos seguintes criterios:

- Por cada resposta correcta outórgase 0,15 puntos..
- As respostas incorrectas, en branco ou nulas non puntuán.

8.1.2.- Proba de galego

Consistirá en traducir nun tempo máximo de 30 minutos, e sen axuda de dicionario, un texto de castelán a galego proposto polo Tribunal.

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria e cualificarase de apto ou non apto.

Estarán exentas da realización da proba de galego as persoas aspirantes que acrediten posuír dentro do prazo de presentación de solicitudes o Celga 4, curso de perfeccionamento ou estudos equivalentes.

9.- CALENDARIO DAS PROBAS E DESENVOLVEMENTO DOS EXERCICIOS DA OPOSICIÓN.

9.1. Calendario para a realización das probas e chamamentos.

A citación ao Tribunal e ás persoas aspirantes para a realización dos exercicios da fase de oposición publicarase na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello.

Os resultados das probas publicarase así mesmo na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello.

As persoas aspirantes serán convocadas para cada un dos exercicios en chamamento único, sendo excluídas da oposición as que non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo tribunal.

Durante o tempo fixado para a realización dos exercicios, non se poderán utilizar nin manipular de ningunha maneira aparatos de telefonía móbil, ordenadores, máquinas calculadoras, ou outros, nin ningún tipo de material de apoio que non estea expresamente autorizado para os exercicios en que resulte necesario; o incumprimento suporá a expulsión do procedemento de selección por parte do Tribunal Cualificador.

9.2. Identificación.

As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización dos exercicios previstas do DNI, NIE, pasaporte, permiso de condución ou outro documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, que deberán ser en todo caso orixinais. De non acudir previstas de dito documento non poderán participar na proba selectiva, quedando decaídas de tódolos seus dereitos e excluídas do proceso selectivo.

Comezados os exercicios, os membros do Tribunal Cualificador poderán requirir en calquera momento aos concorrentes respectivos para que acrediten a súa identidade, acordando o Tribunal Cualificador efectuar as expulsións que procedan.

9.3 Anonimato.

O Tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que as probas do proceso selectivo sexan corrixidas sen que se coñeza a identidade das persoas aspirantes.

A estes efectos empregaranse tarxetas identificadoras nas que figurará un número de control que será o que utilice a persoa aspirante para participar nas probas.

Ditas tarxetas serán custodiadas nun sobre lacrado e asinado polos membros do tribunal ata que se rematen as correccións e se fagan publicas as cualificacións.

O Tribunal, poderá decidir si se utiliza a mesma tarxeta para todo o proceso selectivo ou unha diferente para cada proba.

10.- CUALIFICACIÓN FINAL.

